

SVV/acc

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>2024028041</b>
<b>ASUNTO</b>	<b>CONTRATACIÓN DUNHA EMPRESA ESPECIALIZADA PARA A XESTIÓN DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2024</b>
<b>TRÁMITE</b>	<b>INFORME COMPLEMENTARIO</b>

Emitido o informe de Secretaría Xeral con data 31 de maio de 2024, a solicitude do servizo de Contratación, como servizo promotor do expediente, INFORMO do seguinte:

- En relación a Providencia de inicio:

- No punto 3. Obxecto de contratación e división en lotes recolle:

*“CPV: 635000000-4 Servizos de axencias de viaxes, operadores turísticos e asistencia ao turista.”*

O CPV correcto é o seguinte: CPV 63500000-4

Proponse suprimir o seguinte texto dado que dita información se recolle no punto 6 do documento: *“O ámbito temporal do programa será nos meses de temporada baixa, a partir do 15 de setembro e ata o 15 de decembro de 2024.”*

- No punto 6. Prazo de execución/duración recolle:

*“O prazo de duración do programa prevese desde o 1 de agosto ao 31 de decembro de 2024. Non obstante, o prazo estimado de execución, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, será a partir do mes de setembro de 2024, e nos meses de temporada baixa, polo que a estimación será de 4 meses. Previsións que dependerán da data de adxudicación.”*

Proponse a modificación co seguinte texto:

*“(…) o prazo estimado de execución, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, será entre o cuarto trimestre do ano 2024 e o primeiro trimestre do 2025, en temporada baixa. Para a estimación do prezo de licitación tívose en conta que a persoa coordinadora e o persoal de xestión adiquen 5 meses á organización das saídas (…)”.*

- En relación ao prego técnico:

- O punto “1.2 – Sígnose e funcionamento” recolle :

*“ (..) O ámbito temporal do programa será nos meses de temporada baixa, a partir do 15 de setembro e ata o 15 de decembro de 2024.(...)”*



Proponse a modificación do texto da seguinte forma:

*"(...)O ámbito temporal de execución do programa estímase entre o cuarto trimestre do ano 2024 e o primeiro trimestre do 2025.(...)"*

- O punto 2 – Obxecto e alcance" recolle:

*"(...)O prazo de duración do programa prevese desde o 1 de agosto ao 31 de decembro de 2024. Non obstante, o prazo estimado de execución, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, será a partir do mes de setembro de 2024, e nos meses de temporada baixa, polo que a estimación será de 4 meses. Previsións que dependerán da data de adxudicación. Na estimación do prezo de licitación tívose en conta esta periodicidade, prevendo que a persoa coordinadora e o persoal de xestión adiquen 5 meses á organización das saídas de setembro a decembro. (...)"*

Proponse a modificación do texto da seguinte forma:

*"(...) o prazo estimado de execución, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, será entre o cuarto trimestre do ano 2024 e o primeiro trimestre do 2025, en temporada baixa. Para a estimación do prezo de licitación tívose en conta que a persoa coordinadora e o persoal de xestión adiquen 5 meses á organización das saídas (...)"*

- En relación ao documento Anexo I. Informe criterios de valoración propónse:
  - Modificación da puntuación do punto. 6. Aumento do persoal de animación de ocio e tempo libre respecto do mínimo esixido da seguinte forma *"ata un máximo de 10 puntos. Se ofrecen 2 animadores/as 10 puntos, senón 0 puntos."*
  - A eliminación do punto 7. Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para as persoas asistentes ao programa.
  - Corrección da puntuación tanto no cadro de criterios como no desglose posterior no punto *"5. Oferta de tratamentos complementarios de balde ás persoas adultas"* que como máximo pode ter 15 puntos:  
*Onde indica "Se oferta tres tratamentos de balde a maiores: 20,00 puntos"*  
*Debe indicar "Se oferta tres tratamentos de balde a maiores: 15,00 puntos"*

Asinado dixitalmente na marxe.

